

Día Internacional da Cidade Educadora 2016

Manifiesto dos alcaldes e alcaldesas da Asociación Internacional de Cidades Educadoras

Manifestamos o noso compromiso cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e, concretamente, traballamos para garantir unha educación inclusiva e de calidade para todas e todos e ao longo da vida, como motor de desenvolvemento persoal e colectivo e de transformación urbana a favor dunhas cidades máis xustas, solidarias e interculturais. Cidades onde todas as persoas gocen de plena igualdade e sexan capaces de dialogar e convivir desde o respecto ás diferenzas.

Hoxe en día, podemos afirmar, sen medo a equivocarnos, que a educación atravesamos os muros da escola e se estende a toda a cidade, impregnando os seus barrios, espazos públicos e institucións. Pero constatamos obxectivamente que nas cidades persisten aínda numerosos fenómenos e factores deseducadores.

Conscientes destes desafíos e retos aos que nos enfrontamos, comprometémonos con convicción e vontade a contrarrestar estes fenómenos regresivos, propoñendo un modelo político de cidade que sitúa as persoas no centro das nosas prioridades e que, partindo da educación, dá coherencia, dinamismo e sentido á nosa acción, como ferramenta de transformación social, de cohesión e de respecto mutuo.

As cidades educadoras traballamos para que a educación sexa eixe transversal de todas as políticas locais, tomando conciencia e reforzando o potencial educador das actuacións e programas de saúde, ambiente, urbanismo, mobilidade, cultura, deporte...

Traballamos, por tanto, para democratizar o acceso a todos os bens da cidade, para que cada un dos seus espazos sexa fonte de educación, y para que toda persoa poida vivir, gozar e emanciparse, aproveitando ao máximo as oportunidades que a cidade ofrece para alcanzar as súas expectativas cunha actitude cívica e democrática. Unha cidade respectuosa co medio ambiente e que dialoga coas cidades e áreas rurais que a rodean.

Apostamos por unha democracia participativa sumando as propostas e o esforzo da sociedade civil por construír xuntos cidades mellores, que non deixen a ninguén na marxe. Para logramos este obxectivo ambicioso, comprometémonos coa educación cidadá e co establecemento dos mecanismos necesarios para elaborar, implementar e avaliar as políticas públicas contando coa participación dunha cidadanía activa, dotada de espírito crítico, comprometida e corresponsable.

Este é un camiño que compartimos cidades moi diversas de todos os continentes e que conta con máis de 25 anos de percorrido desde a proclamación da Carta de cidades educadoras. Por iso, sumámonos á celebración do Día Internacional da Cidade Educadora co desexo de contar cada día co respaldo de máis persoas, asociacións, empresas, institucións etc., traballando co entusiasmo por unha educación integral, renovada e emancipadora. E convidamos cidades grandes e pequenas de todas as latitudes a unirse a esta aposta audaz e esperanzadora de construír **cidades máis educadoras para un mundo mellor.**

